



*Resolución do 10 de xuño de 2021 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario público docente que imparte ensinanzas de niveis non universitarios, prevé no seu artigo 3.2, que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e polo prazo que se determine na convocatoria. As devanditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos mediante nomeamento temporal con reserva do posto de traballo de orixe e polo tempo que se estableza na correspondente convocatoria que, en ningún caso, poderá exceder en máis de seis anos.

A atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos centros de escolarización preferente contemplados na disposición adicional quinta do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, debe efectuarse con profesorado con destino definitivo. Sen prexuízo do anterior, a escolarización do alumnado de atención preferente en centros ordinarios que, por non ser de escolarización preferente, non van contar con recursos humanos permanentes, aconsella unha certa permanencia do mestre ou mestra co alumnado de ser posible durante unha etapa educativa, evitando un cambio de docente cada curso académico. Posto que estas necesidades educativas teñen un carácter temporal e non poden cubrirse con carácter definitivo, procede a súa provisión en réxime de comisión de servizos, sen prexuízo de que este profesorado atenda outras posibles necesidades existentes no centro.

Na súa virtude, esta Dirección Xeral

ACORDA:

#### Artigo 1. *Obxecto*

Convocar concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres, para adxudicar, en comisión de servizos, as prazas que figuran no anexo I desta orde.

#### Artigo 2. *Persoal participante e requisitos*

Poderá participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres que se atope en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2020/2021.





Entendese tamén en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia ao 31 de agosto de 2021 aquel persoal docente que desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia accedeu a un posto docente no estranxeiro e que debe reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Tamén poderá participar o persoal funcionario de carreira que estea en situación de excedencia voluntaria concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e se se trata do suposto de excedencia voluntaria por interese particular recollida no artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realice esta convocatoria teña transcorrido un ano desde que pasaron a esta situación.

Así mesmo poderá participar o persoal funcionario de carreira desta consellería que estea en comisión de servizos fóra desta comunidade autónoma.

O persoal participante deberá posuír a especialidade e, de ser o caso, o requisito específico que se requira para cada praza, así como o título de perfeccionamento en lingua galega ou o certificado de lingua galega (Celga 4) ou certificación ou validación equivalente.

### Artigo 3. *Solicitudes e documentación*

O persoal concursante, que poderá solicitar ata un máximo de dez prazas, presentará unha única solicitude axustada ao modelo que figura como anexo II, coa que achegará cuberta a folla de autobaremación que figura como anexo IV, a documentación acreditativa de que posúen os requisitos esixidos para a praza/s solicitada/s e a documentación xustificativa dos méritos que alegue segundo o baremo que figura como anexo III.

Non terán que presentarse aqueles documentos xustificativos dos méritos alegados que xa figuren no seu expediente persoal no enderezo web <https://www.edu.xunta.gal/datospersoais/>

No caso de que o persoal participante posúa méritos que non consten no seu expediente ou que sexan incorrectos, deberá xerar unha nova solicitude no enderezo web <https://www.edu.xunta.gal/datospersoais/> que deberá presentar xunto coa solicitude de participación e unha copia dos méritos alegados.

O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao persoal aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.





#### Artigo 4. *Lugar e prazo de presentación*

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de internet da consellería <http://www.edu.xunta.gal>.

As solicitudes cubriranse empregando o modelo que figura como anexo II e poderán presentarse por vía electrónica utilizando o formulario PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa selada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas.

#### Artigo 5. *Comisión de selección*

1. A selección do persoal aspirante será realizada por unha comisión, nomeada pola persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, integrada polas seguintes persoas membros:

Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de tres vogais, elixidos/as entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de xefatura de servizo ou xefatura de sección da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou membros da inspección educativa, e un/unha vogal membro dos equipos de orientación específicos.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Ademais poderá asistir á comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

2. Para a valoración dos apartados 1, 2, 3, 4.3 e 4.4 do baremo establecido no anexo II a comisión de selección poderá delegar esta función nunha subcomisión formada por persoal funcionario da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

3. Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por





concurreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio) estando cualificadas na categoría primeira.

#### Artigo 6. *Resolución provisional e reclamacións*

Logo de realizada a valoración dos méritos, publicarase no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> a resolución provisional do concurso de méritos específico xunto coa adxudicación das prazas, o baremo, a relación de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

As persoas interesadas poderán formular renuncia e as reclamacións que consideren, no prazo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación no portal de internet desta consellería. As reclamacións entenderanse resoltas mediante a publicación da resolución definitiva.

A renuncia á participación no concurso de méritos específico implica a renuncia a todas as peticións formuladas.

#### Artigo 7. *Resolución definitiva e recursos*

Será seleccionado o persoal participante que acade a maior puntuación para a praza que solicita segundo o baremo establecido no anexo III.

No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación acadada nos apartados 4.1, 4.2, 2.1, 2.2, 1, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 3.6, 4.3 e 4.4.

A resolución definitiva ditarase pola persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, logo da proposta da comisión de selección, e publicarase no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal>.

Contra a resolución definitiva do concurso de méritos específico, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13





de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 8. *Toma de posesión*

As persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2021, e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano prorrogable ata que o alumno remate a etapa educativa que cursa e como máximo por un período que, incluída a comisión de servizos inicial e as eventuais prórrogas, non poderá superar os 6 anos de duración, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo. A prórroga esixirá petición da persoa interesada e o informe favorable do equipo de orientación específico.

#### *Disposición adicional primeira*

Todos os requisitos de participación así como os méritos alegados deben reunirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### *Disposición adicional segunda*

No que atinxe aos servizos docentes prestados a fracción de ano computarase a razón de 0,0416 puntos por cada mes completo.

#### *Disposición adicional terceira*

1. No que respecta ás actividades de formación do apartado 4 do anexo III:

As actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio de 2013 deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG n.º 96, do 22 de maio). Quedarán exceptuados deste requisito as actividades de formación específicas recollidas nos subapartados 4.1 e 4.2.

2. Para os efectos da baremación do apartado 4.1 e 4.3 do anexo III sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. Para os efectos da baremación do apartado 4.2 e 4.4 do anexo III sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferior a 3.





#### *Disposición adicional cuarta*

Para optar a prazas que requiran o coñecemento de linguaxe de signos as persoas solicitantes deberán posuír o título de técnico superior en interpretación da lingua de signos establecido polo Real decreto 2060/1995, de 22 de decembro (BOE núm. 47, do 23 de febreiro) , ou o título de técnico superior en Mediación Comunicativa establecido polo Real decreto 831/2014, do 3 de outubro (BOE núm. 259, do 25 de outubro) ou o título de intérprete en Linguaxe de Signos Española expedido pola confederación nacional ou pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Na adxudicación das prazas con este requisito terá prioridade o persoal participante que acredite o título de técnico superior.

Para optar a prazas que requiran o coñecemento de Braille as persoas solicitantes deberán acreditar a realización de cursos de Braille organizados pola Organización Nacional de Cegos de España (ONCE) ou por outros organismos oficiais.

#### *Disposición adicional quinta*

1. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.
2. Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países, deberá achegarse, ademais, a correspondente homologación.
3. Non se baremarán como méritos académicos os títulos universitarios non oficiais que conforme a disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.
4. Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica ou o máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.
5. Para os efectos da baremación do subpunto 3.2, cando se alegue o título de doutor non se valorará o título de máster oficial que constituía un requisito de acceso ao doutoramento nin tampouco a suficiencia investigadora nin o certificado-diploma de estudos avanzados.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo



**ANEXO I**

<b>Código posto</b>	<b>Código Centro</b>	<b>Centro</b>	<b>Localidade</b>	<b>Prazas</b>	<b>Observacións:</b>
1501	15026637	CEIP de Barouta	Ames	1 PT	
1502	15000363	CEIP Ponte dos Brozos (1)	Arteixo	1 PT	
1503	15020568	CEIP Plurilingüe Labaca	A Coruña	1 PT	
1504	15005361	CEIP Rosalía de Castro	A Coruña	1 PT	
1505	15005701	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma (2) (4)	A Coruña	1 AL	Requisito: coñecemento de linguaxe de signos
1506	15027241	CEIP Juan Fernández Latorre (5)	A Coruña	1 PT	Requisito:coñecemento de Braille
1507	15027241	CEIP Juan Fernández Latorre (2)	A Coruña	1 AL	
1508	15021721	CEIP de Zalaeta (11)	A Coruña	1 PT con afín AL	
1509	15021721	CEIP de Zalaeta	A Coruña	1 PT	
1510	15021536	CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane (2)	A Coruña	1 PT	
1511	15023417	CEP Pilar Maestu Sierra (2)	A Pobra do Caramiñal	1 PT	
1512	15026194	CEIP Plurilingüe A Fraga	As Pontes de García Rodríguez	1 AL	
1513	15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	As Pontes de García Rodríguez	1 AL	
1514	15011661	CEIP Manuel Fraga Iribarne(2)	Cariño	1 AL con afín PT	
1515	15033198	CRA de Coristanco-Santa Comba (2)	Coristanco	1 PT	
1516	15033149	CEIP Vila de Rutis	Culleredo	1 PT	
1517	15005877	CEIP de Teixeira	Curtis	1 PT	
1518	15023405	CPI A Xunqueira	Fene	1 PT	
1519	15006663	CEIP Cruceiro de Canido	Ferrol	1 PT	
1520	15024938	CEIP de Esteiro (5)	Ferrol	1 AL con afín PT	Requisito: coñecemento de Braille
1521	15026960	CEIP de Ponzos (2)	Ferrol	1 AL	
1522	15024227	CEIP de Pazos (2)	Ferrol	1 PT	
1523	15026111	CRA de Narón (2)	Narón	1 AL	
1524	15022310	CEIP A Gándara (2)	Narón	1 AL	
1525	15019499	CEIP de Piñeiros (2)	Narón	1 AL	
1526	15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia (2)	Narón	1 AL	
1527	15026455	IES Terra de Trasantos (4) (8)	Narón	1 AL	
1528	15023740	CEIP A Solaina	Narón	1 AL	
1529	15010307	CEIP San Isidro	Neda	1 PT	







1530	15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	1 AL	
1531	15014829	CEIP Pedro Barrié de la Maza	Sada	1 PT	
1532	15016292	CEIP Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	1 AL con afín PT	
1533	15021883	CEIP de Vite I	Santiago de Compostela	1 AL con afín PT	
1534	15015998	CEIP Ramón Cabanillas	Santiago de Compostela	1 PT	
1535	15027332	CEIP das Fontiñas	Santiago de Compostela	1 AL	Requisito: Formación especializada en Trastorno do Espectro de Autismo (TEA), Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe (TDL ) e Sistemas de Comunicación Aumentativas e Alternativas (SAAC).
1536	15016784	CEIP Plurilingüe Virxe do Portal	Sobrado	1 AL con afín PT	
2701	27001440	CEIP Xosé Luís Taboada (2)	Carballedo	1 PT	
2702	27001609	CEIP Ramón Falcón (8)	Castro de Rei	1 PT	
2703	27020562	IES de Foz (10)	Foz	1 AL	
2704	27005020	CEIP Plurilingüe Lagostelle (2) (10)	Guitiriz	1 AL afín PT	
2705	27005913	CPI Ramón Piñeiro (2)	Láncara	1 PT	
2706	27014057	CEE Santa María (2)	Lugo	1 PT	
2707	27006164	CEIP Albeiros (2) (10)	Lugo	1 PT	Requisito: coñecementos en sistemas de comunicación alternativos e aumentativos
2708	27006371	CEIP Anexa (2)	Lugo	1 PT	Requisitos: experiencia e formación en sistemas de comunicación alternativos e aumentativos
2709	27016728	CEIP Illa Verde (9)	Lugo	1 AL	Requisito: instauración de sistema alternativo de comunicación GRID 3
2710	27006334	CEIP das Mercedes (2) (10)	Lugo	1 PT	Requisito: con coñecemento de sistemas de comunicación alternativos e aumentativos (trabállase con GRID 3)
2711	27016467	CEIP Menéndez Pelayo (9)	Lugo	1 AL	Requisito: experiencia e formación no traballo con alumnado con NEEs asociadas a discapacidade no aparato fonador
2712	27006449	CEIP Rosalía de Castro (5) (8)	Lugo	1 PT afín AL	







2713	27006401	CEIP Sagrado Corazón (2)	Lugo	1 AL	Requisito: coñecementos en sistemas de comunicación alternativos e aumentativos
2714	27006531	IES Lucus Augusti (2)	Lugo	1 PT	
2715	27006528	CIFP As Mercedes (9)	Lugo	1 AL	Requisito: coñecemento, dominio e experiencia no uso do comunicador GRID 3
2716	27014860	CEIP Plurilingüe A Gándara (8)	Monforte de Lemos	1 PT	
2717	27016662	CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos (2)	Monforte de Lemos	1 AL	
2718	27016662	CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos (8)	Monforte de Lemos	1 PT afín AL	
2719	27013703	CEIP de Quiroga (2)	Quiroga	1 AL	Requisito: experiencia e formación en sistemas de comunicación alternativos e aumentativos
2720	27012887	CEIP do Vicedo (10)	O Vicedo	1 AL	Requisito: con coñecementos en SAAC
2721	27005691	CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán (5)	Xove	1 PT	Requisito: coñecemento de Braille
2722	27016674	CEP Luís Tobío (2)	Viveiro	1 PT	
2723	27013636	IES María Sarmiento (1)	Viveiro	1 PT	
2724	27013648	IES Vilar Ponte	Viveiro	1 AL	
3201	32000356	CEIP Plur. Ramón Otero Pedrayo (11)	Amoeiro	1 PT afín AL	
3202	32016789	CEIP Filomena Dato (1) (2)	Barbadás	1 PT	
3203	32020781	CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro (8)	Barbadás	1 PT afín AL	
3204	32004118	CPI Antonio Faílde (2)	Coles	1 AL afín PT	
3205	32003771	CEIP Plurilingüe Curros Enríquez (2)	Celanova	1 PT afín AL	Requisito: coñecemento do Sistema de comunicación alternativa (PECS) e da metodoloxía TEACCH
3206	32015657	CEIP de Medeiros (2)	Monterrei	1 PT afín AL	
3207	32008033	CEIP Plurilingüe de Luítra (1) (6) (10)	Nogueira de Ramuín	1 PT afín AL	
3208	32008392	CEIP Plurilingüe Inmaculada (2)	Ourense	1 PT	Requisito: Formación en apoio condutual positivo. Coñecemento en Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación (SAAC) e en metodoloxía TEACCH





3209	32009165	CEIP As Mercedes (1)	Ourense	1 PT afín AL	Requisito: formación práctica en contención
3210	32008835	CEIP Curros Enríquez (2) (10)	Ourense	1 AL	
3211	32008771	CEIP de Práct. da E.U. Form. Profes. EXB (2)	Ourense	1 PT	Requisito: coñecemento do Sistema de comunicación GRID e da metodoloxía TEACCH
3212	32008771	CEIP de Práct. da E.U. Form. Profes. EXB (3)	Ourense	1 AL	Requisito: coñecemento do Sistema de comunicación GRID e da metodoloxía TEACCH
3213	32008793	CEIP Manuel Luís Acuña (1) (6) (10)	Ourense	1 PT afín AL	
3214	32015669	CEIP Mestre Vide (2)	Ourense	1 PT	
3215	32008768	CEIP O Couto (2)	Ourense	1 PT afín AL	Requisito: Coñecementos en sistemas de comunicación alternativos e aumentativos. Experiencia no traballo con alumnado en aula específica asociado ao trastorno do espectro autista e con alumnado que presenta trastornos graves de comunicación.
3216	32015190	CEIP Plurilingüe Albino Núñez (2)	Ourense	1 PT	
3217	32009301	CEIP Plurilingüe de Seixalbo (2)	Ourense	1 AL afín PT	Requisito: coñecemento do Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación (SAAC) e da metodoloxía TEACCH.
3218	32015220	CEIP Vistahermosa (6) (10) (11)	Ourense	1 PT afín AL	
3219	32016029	CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey (1) (2) (10)	O Pereiro de Aguiar	1 PT afín AL	
3220	32012711	CEIP Saco e Arce (8)	Toén	1 PT afín AL	
3221	32015797	CEIP Amaro Refojo (2)	Verín	1 AL afín PT	
3222	32004830	CEIP Carlos Casares (2) (8)	Xinzo de Limia	1 AL afín PT	
3223	32005691	CEIP Padre Crespo (8)	Xunqueira de Ambía	1 PT afín AL	
3601	36000031	CEIP Antonio Carpintero (2)	Arbo	1 PT	
3602	36005555	CEIP Marquesa do Pazo da Mercé (2)	As Neves	1 PT	
3603	36003959	CEIP Manuel Rodríguez Sinde (8)	A Guarda	1 PT	
3604	36003959	CEIP Manuel Rodríguez Sinde (8)	A Guarda	1 AL	





3605	36017703	CEIP Plurilingüe Souto-Donas (2)	Gondomar	1 PT	
3606	36004733	CEIP Plurilingüe de Reibón (8)	Moaña	1 PT	
3607	36004927	CPI de Mondariz (2)	Mondariz	1 PT	
3608	36005142	CPI Plurilingüe Santa Lucía	Moraña	1 PT	
3609	36017648	CEIP Mestre Valverde Mayo (8)	Mos	1 PT	
3610	36013564	CEIP Plurilingüe Pena de Francia (2)	Mos	1 PT	
3611	36013564	CEIP Plur. Pena de Francia (2)	Mos	1 AL	
3612	36019441	CEIP de Petelos (1)	Mos	1 PT	
3613	36019441	CEIP de Petelos (1)	Mos	1 AL	
3614	36020131	IES de Mos (8)	Mos	1 PT	
3615	36005774	CEIP Humberto Juanes (2)	Nigrán	1 AL	
3616	36007539	CEIP Fermín Bouza Brey (8)	Ponteareas	1 PT	
3617	36014817	CEIP Plurilingüe da Igrexa-Chapela (8)	Redondela	1 PT	
3618	36014738	CEIP de Leirado (8)	Salvaterra de Miño	1 PT	
3619	36008751	CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón (2)	Salvaterra de Miño	1 PT	
3620	36008751	CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón (2)	Salvaterra de Miño	1 AL	
3621	36016966	CEP Carlos Casares (8)	Salvaterra de Miño	1 PT	
3622	36009135	CEIP Plurilingüe de Silleda (2)	Silleda	1 PT	
3623	36009135	CEIP Plurilingüe de Silleda (2)	Silleda	1 AL	
3624	36009846	CEIP Plurilingüe Nº 1 (2)	Tui	1 PT	
3625	36015834	CEIP Altamar (8)	Vigo	1 PT	
3626	36015354	CEIP Plurilingüe da Carrasqueira (2)	Vigo	1 PT	
3627	36015354	CEIP Plurilingüe da Carrasqueira (2)	Vigo	1 AL	
3628	36009974	CEIP de Coutada-Beadé (8)	Vigo	1 AL	
3629	36010711	CEP Dr. Fleming (8)	Vigo	1 PT	
3630	36015251	CEIP Plurilingüe Frián-Teis (8)	Vigo	1 PT	
3631	36015627	CEIP García Barbón (8)	Vigo	1 PT	
3632	36010423	CEIP Valle-Inclán (1)	Vigo	1 PT	
3633	36010423	CEIP Valle-Inclán (1)	Vigo	1 AL	
3634	36017430	IES Ricardo Mella (8)	Vigo	1 PT	
3635	36019451	CEIP A Escardia (8)	Vilagarcía de Arousa	1 PT	

- (1) Trastornos graves de conducta
- (2) Trastorno do espectro do autismo
- (3) Discapacidade motora





- (4) Discapacidade sensorial (hipoacusia)
- (5) Discapacidade sensorial visual
- (6) Discapacidade intelectual
- (7) Altas capacidades
- (8) Pluridiscapacidade
- (9) Discapacidade física asociada a dificultades graves da linguaxe
- (10) Trastornos da comunicación
- (11) Atraso psicomotor e discapacidade cognitiva



**ANEXO II**

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>Concurso de méritos específico entre persoal funcionario en prácticas e de carreira do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente</b>	<b>SOLICITUDE</b>

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PAÍS	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			
CORPO	ESPECIALIDADE		DESTINO			

PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA					
Nº	Código Posto	CENTRO (deben incluírse os díxitos entre paréntese que identifican as características da praza)	ESPECIALIDADE (PT ou AL)	LOCALIDADE	PROVINCIA
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE					
Lugar e data					
	,	de		de	

**A persoa solicitante declara:**

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que achega son certos.
- Que reúne os requisitos exixidos neste concurso de méritos específico e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se for necesario.

**Subdirección Xeral de Recursos Humanos  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos  
Consellería de Cultura, Educación e Universidade**



**ANEXO III**

Méritos	Total puntos máximo
<p><b>1.- Antigüidade</b></p> <p>Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente no corpo de mestres: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.</p>	6 puntos
<p><b>2.- Servizos</b></p> <p>Servizos prestados na especialidade de Pedagogía terapéutica ou na de Audición e linguaxe:</p> <p>2.1.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Pedagogía Terapéutica cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.</p> <p>2.2.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Audición e linguaxe cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.</p>	6 puntos
<p><b>3.- Méritos académicos:</b></p> <p>1.- Polo título de doutor: 2 puntos.</p> <p>3.2.- Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos 60 créditos: 1,50 puntos.</p> <p>3.3.- Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma de estudos avanzados: 1 punto.</p> <p>3.4.- Por cada título de grao distinto do alegado para o ingreso no corpo: 0,50 puntos.</p> <p>3.5.- Por cada titulación de segundo ciclo: 0,50 puntos.</p> <p>3.6.- Por cada titulación de primeiro ciclo distinta da alegada para o ingreso no corpo: 0,25 puntos.</p>	6 puntos
<p><b>4.- Actividades de formación</b></p> <p>4.1.- Por actividades superadas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 10 horas): ata 4 puntos.</p> <p>4.2.- Por actividades impartidas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 3 horas): ata 2 puntos.</p> <p>4.3.- Por actividades superadas e non baremadas no subpunto 4.1 que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo de mestres ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precisadas, así como as organizadas polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas): ata 2 puntos.</p> <p>4.4.- Por actividades de formación impartidas e non baremadas no subpunto 4.2 (0,10 puntos por cada 3 horas de formación acreditadas): ata 1 punto.</p>	9 puntos





**ANEXO IV**  
**Folla de autobarefacción**

Méritos	Puntuacións parciais	Total
<p><b>1.- Antigüidade</b> (máx. 6 puntos)</p> <p>Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente no corpo de mestres: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.</p> <p><b>2.- Servizos</b> (máx. 6 puntos)</p> <p>Servizos prestados na especialidade de Pedagogía terapéutica ou na de Audición e linguaxe:</p> <p>2.1.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Pedagogía Terapéutica cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes..</p> <p>2.2.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Audición e linguaxe cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes..</p> <p><b>3.- Méritos académicos:</b> (máx. 6 puntos)</p> <p>1.- Polo título de doutor: 2 puntos.</p> <p>3.2.- Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos 60 créditos: 1,50 puntos.</p> <p>3.3.- Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma de estudos avanzados: 1 punto.</p> <p>3.4.- Por cada título de grao distinto do alegado para o ingreso no corpo: 0,50 puntos.</p> <p>3.5.- Por cada titulación de segundo ciclo: 0,50 puntos.</p> <p>3.6.- Por cada titulación de primeiro ciclo distinta da alegada para o ingreso no corpo: 0,25 puntos.</p> <p><b>4.- Actividades de formación</b> (máx. 9 puntos)</p> <p>4.1.- Por actividades superadas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 10 horas): ata 4 puntos.</p> <p>4.2.- Por actividades impartidas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 3 horas): ata 2 puntos.</p> <p>4.3.- Por actividades superadas e non baremadas no subpunto 4.1 que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo de mestres ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como as organizadas polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas): ata 2 puntos.</p> <p>4.4.- Por actividades de formación impartidas e non baremadas no subpunto 4.2 (0,10 puntos por cada 3 horas de formación acreditadas): ata 1 punto.</p>		

